

O TRASNO

CURSO 2016/2017

TRASNO 3.0. A nosa revista dixital
I CONCURSO DE GALEGUIDADE

Entrevista a FERNANDO LLOR
OS CLUBS DO INSTITUTO. Para cada gusto, un club

IES ÁLVARO CUNQUEIRO: Unha canteira de campións
CARTA ABERTA

LECTURAS NO VERÁN. Recomendacións

**Revista escolar do
IES ÁLVARO CUNQUEIRO**

Sumario

EDITORIAL

4 A ciencia, de Carlos Casares

MANUEL GONZÁLEZ

5 TRASNO 3.0. A nosa revista dixital

ALEJANDRA PEREIRA


9 I Concurso de Galeguidade

MALENA RODRÍGUEZ

12 Entrevista a Fernando Llor

CÁRMEN LÓPEZ

16 Os Clubs do instituto. Manga, terror, historia



ALUMNOS DE 1º ESO B


18 Carta aberta aos novos alumnos e alumnas

SUSANA GARCÍA

20 Unha canteira de campións

GEMMA ÁLVAREZ

22 Recomendacións da biblioteca



Editorial

CARLOS CASARES.

Carlos Casares protagonizou o Día das Letras Galegas 2017. A RAG destaca a súa «calidade, a vocación abertamente comunicativa e o carácter variado da súa obra», así como «un compromiso inequívoco coa lingua galega».

Dende 1992 ata 2002, Carlos casares escribiu diariamente unha columna na Voz de Galicia, baixo o título de «Á marxe».

Esta columna publicouse o 26 de febreiro de 1999.



A CIENCIA (ou Revista ou Educación)

O martes pola tarde, atopei na rúa un señor que me estivo falando durante algún tempo de Álvaro Cunqueiro, do cal, segundo me contou, foi amigo... Este home que me parou na rúa contoume unha cousa de Cunqueiro que eu non sabía, é dicir, que o escritor galego estaba moi interesado na ciencia. Non me sorprende, pois criouse en casa con botica, nunha época na que os boticarios preparaban remedios e pasaban por seren, case todos, magníficos botánicos. No caso concreto de Cunqueiro é certo que coñecía moi ben todas as herbas. Un día escoiteille dicir que el sabía de purgas máis que ningún médico vivo e que todas tiñan carácter científico, que as aprendera co seu pai, cando as preparaba para o bispo Solís, de Mondoñedo, o cal, despois dos días de festa, mandaba recado de que lle enviasen unha. Supoño, non obstante, que as curiosidades de Cunqueiro ao respecto non quedaban aí. Sei que se interesaba pola física e pola bioloxía, aínda que descoñezo o grao de sabedoría que chegou a alcanzar nesas disciplinas. Despois de todo, un home coa súa imaxinación podía inventar un tratado completo de calquera cousa. Por exemplo, como os paxaros saben multiplicar en verso.

Trasno 3.0, un recuncho onde expresarnos

Trasno 3.0 nace da necesidade de dar voz ao alumnado. Dun intento de renovación e de achegar os alumn@s á revista do centro. Mais converteuse en algo máis grande. Tras un ano de duro traballo e esforzo, os alumn@s que participamos neste proxecto atopamos nel un recuncho onde poder expresarnos libremente e tomar as nosas propias decisións. Un pequeno oasis onde evadirnos de exames e traballos para traballar en equipo tratando temas moi distintos. Desde principios de curso pasamos de ser tres a trece alumn@s participando nas distintas seccións, sen contar as diferentes colaboracións puntuais prestadas, e grazas á motivación e axuda dos profesores Teresa Blanco e Bosco Caride.

O proxecto nótrese precisamente diso: de aprender os uns dos outros e de ver o traballo d@s demais tratando temas moi diversos- arte, literatura, deportes, tecnoloxía, opinión, sociedade...-. Mais Trasno, crescendo nun ano todo o que en setembro non poderíamos imaxinar, non quedou só dentro das paredes do noso centro. A idea de presentarnos ao concurso de "El País de los Estudiantes" do xornal "El País" xorde de ver que o noso proxecto realmente avanzaba cara a ser algo máis ambicioso que a típica revista de escola. Nós tiñamos un gran equipo traballando todas as semanas en artigos moi distintos, e iso merecía outro recoñecemento. Tras traballar durante catro meses co tempo na nosa contra, conseguimos crear un xornal



Trasno 3.0

IES Alvaro Cunqueiro

ARTE E+ / CONTORNA / VIAXES / FIRMAS / QUEN SOMOS?

We miss you, Kurt Cobain




Solanin




Last month I was asked to write an article about some book or comic that I could recommend, and the very first one that I thought about was Solanin. I

CHAPEU BORSALINO



diverso e atractivo no que tod@s e todas podemos aportar algo diferente. Un dos nosos traballos máis especiais foi o de contactar, grazas a Xaime Estévez, cun antigo alumno do centro e unha figura internacional no mundo da música tradicional e folk: Carlos Núñez. Entrevistámonos con el unha mañá nun café da Praza de Compostela, e foi unha xornada verdadeiramente interesante. Ao falar con alguén con tanta experiencia non só no mundo da música, senón tamén en ter traballado enormemente para conquistar as súas ambicións, démonos de conta que coas entrevistas podiamos realizar un traballo de campo do que aprender cousas que non coñeceríamos desde dentro do instituto. Así fixemos outras dúas entrevistas máis para incluír no xornal do concurso: unha a Susana Rodríguez, paratriatleta viguesa, e outra á asociación Nós Mesmas de



de Vigo, que traballa defendendo á comunidade LGTBI. Tras este ano de posta en marcha de Trasnó 3.0, xa estamos a pensar no ano que vén, no cal agardamos novas incorporacións ao proxecto. Apréndese moito do traballo en equipo, onde as túas propias carencias vense fortalecidas coas virtudes d@s compañeir@s. E vese que “El País de los Estudiantes” soubo apreciar a nosa aposta, recompensándonos co terceiro posto a nivel galego.

Trasnó facía falta no Álvaro Cunqueiro. Agora queda que siga crecendo!

Integrantes do equipo de redación: Adrián Alonso Coello (4º ESO), Inés Alonso Méndez (1º BACH), Alba Conde Moure (4º ESO), Celia Fernández Gómez (1º BACH), Hugo Gómez Sabucedo (4º ESO), Manuel González López (1º BACH), Ana Iglesias (1º BACH), Elena Lamas Dopazo (4º ESO), Marta Moreno Nieto (4º ESO), Samuel Pérez Pérez (1º BACH), Luiz da Silva (3º ESO), Noa Soage Portela (1º BACH), Sandra Noya Vázquez (3º ESO).



Enlace a Trasnó 3.0:

<https://revistaiescunqueiro.wordpress.com/>



EU ❤️ O GALEGO



O

Día das letras Galegas celebrámolo este ano dun xeito especial.

Por unha banda, nos días previos, preparouse un photocall onde os alumnos podían facer fotos ao carón de slogans e fotos reivindicativas da lingua galega. Por outra, o día 16 de maio celebrouse o I CONCURSO DE GALEGUIDADE.

“Se aínda somos galegos é grazas ao idioma”


Dixo Castelaio que se aínda somos galegos é grazas ao idioma, así que O Equipo de Dinamización da Lingua Galega decidiu premiar ao grupo “máis galego”, de cada nivel da ESO.

O concurso consistiu nunha rolda de 50 preguntas sobre Carlos Casares, Xeografía de Galicia, natureza, paisaxe, música, etc. Cinco representantes de cada un dos grupos da ESO contestaban ás preguntas a través dun teléfono móbil. E pregunta a pregunta, todos os compañeiros e compañeiras podían ir vendo os resultados, e animar os do seu equipo. Foron moitos os berros, os nervios, os aplausos e as risas nesta proba.



Houbo tamén outra proba na que tiñan que buscar dezaoito apelidos autenticamente galegos, entre todos os apelidos da súa clase.

Entre proba e proba, algunhas alumnas de 4º da ESO, acompañadas polo profesor de música Xaime ao piano, entoaron unhas fermosas cancións galegas, que axudaron a calmar un pouco os ánimos.

Os grupos premiados foron: 4º C, 3º A, 2º D e 1º C, aínda que a cousa estivo bastante disputada e houbo algunha que outra controversia co resultado.



En definitiva, todos os que alí estivemos pasámolo moi ben e quedáronnos ganas de repetilo...seguro que para o ano algúns e algunhas levarán preparadas as preguntas.





Fernando Llor (Vigo, 1982) fixo estudos de Técnico Superior de Imaxe en Vigo e de guión cinematográfico en Madrid. No 2011 fixo a súa primeira curtametraxe "La verdad". No 2013 gañou o Concurso Internacional de Cómics e novelas gráficas con "Nyx, los sueños de la Diosa" que se converteu no seu primeiro traballo publicado en papel. Actualmente dedícase de cheo ao mundo do cómic.



“Paga a pena loitar polo que un quere, abandonar tería sido demasiado sinxelo”

- Canto tempo levas dedicándote a ser guionista de cómics? Tes outras actividades profesionais?

- Escribo cómics dende o 2011, aínda que non conseguín asinar un contrato profesional ata 2013. Eso si, escribo dende sempre. Este 2017 é o primeiro no que todas as miñas actividades teñen que ver co mundo da escrita, xa que ademais dos cómics dou clases no Garaxe Hermético (escola de cómic e ilustración de Pontevedra). Tamén imparto obradoiros de escritura cinematográfica no Cineclub Lumière e no Almacén Cultural en Vigo.

-Cantos proxectos tes agora en mente?

-Moitos. Sempre traballo en moitos proxectos á vez porque iso me permite poder saltar dun a outro cando teño algún bloqueio.

- Foron moi duros os comezos?

-Si, moito. Pasaron dous anos enteiros desde que tomei a decisión de escribir cómics ata que conseguín asinar o meu primeiro contrato.

Foron anos difíciles, de moitas dúbidas, pero ao final paga a pena loitar polo que un quere conseguir. Abandonar tería sido demasiado sinxelo.

-Que o que máis aprezas do teu traballo?

- O que máis me gusta é atopar historias que merezan ser contadas. Non é nada sinxelo, pero cada vez que atopo unha xa non a solto ata que a conto. Despois todo o traxecto que hai que facer é o máis complicado.

-Cal é o teu traballo preferido e a cal lle tes máis cariño?

-Non sei, todos son moi diferentes...Se tivese que escoller só un, quedaríame con “Nyx, los sueños de la Diosa” polo traballo titánico que me custou escribilo e porque é menos coñecido e o peor tratado pola editorial. Ao que lle teño máis cariño é a “Terulia 108” por ser o primeiro que conseguín publicar con Alejandro Muñoz, un bo amigo. Iso á hora de traballar agrádese moitísimo.



- como ves o panorama galego?
- Temos un bo momento con autores moi importantes e xente que está despuntando. Se existe unha escola profesional coma “O Garaxe Hermético” indica que estamos a vivir un bo intre. A editorial Galaxia vai apostar forte pola edición de cómics. Xa temos tódalas partes en marcha!

-Tiveches moitas dificultades á hora de montar os proxectos?
- Si, claro. Houbo discusións cos editores, cos debuxantes, pero é parte do oficio... Hai que aprender a lidiar con isto.

-Que che gustou dos anos de estudo?
- Estudei nunha escola na que todos estaban moi motivados, con moitas ganas de ler e escribir. Os meus estudos non remataron... Escribir precisa de aprendizaxe continua.

Malena Rodríguez.



Os Clubs do instituto. Manga, terror, historia

O club manga do instituto non só é un club, senón tamén unha oportunidade para coñecer persoas excepcionais e unha entrada ao mundo cultural de Xapón.

Este club adícase ao anime e ao manga (novelas visuais e escritas).

Encontrámonos todos os integrantes nos recreos dos venres. No primeiro recreo, unha persoa sae ao escenario e exponnos un anime ou manga que leu ou viu hai pouco ou simplemente lle guste. No segundo recreo é a chamada proxección de anime, onde un compañeiro trae o primeiro episodio dun anime e vémolos.

Tamén facemos moitas saídas (unha

por trimestre), nas que quedamos con xente doutros centros, incluso de fora de Vigo, o que nos ofrece unha oportunidade para coñecer xente nova e pasalo en grande.

Nunha destas visitas fomos a Moaña, onde había una comición e vendíanse moitos mangas, cartas, xogos, etc. Tamén houbo moitos concursos, como o concurso de talentos, e este ano gañou a nosa compañeira de 2º de bacharelato Aida Bernández. O meu equipo bailou diferentes coreografías fronte máis de oitocentas persoas.

Carmen López.





Ademáis do club manga hai outros clubs de lectura para os que teñen outros intereses, como terror ou historia.

!Agardámoste!

Carta aos novos



Dentro duns meses xa formaredes parte deste instituto

Non fagades caso á xente que dín que vos van chamar ananos etc. A verdade é que non é un cambio tan grande; hai máis ou menos os mesmos exames, unhas poucas máis clases e materias, hai descansos de cinco minutos, depende do que tarden os profesores, dous recreos de vinte minutos... Tamén hai moitas actividades para o recreo, mais as máis importantes, por así dicilo, son o recreo deportivo (fútbol, baloncesto, voleibol, bádminton e balonmán), os clubs (manga, videoxogos, terror, lectura, historia), pimpón e fútbolín. Outras cosas boas son que fas moitos amigos, hai para xogar ao fútbol, cafetería, biblioteca para facer deberes que esquechiches e estudar, tamén hai sitios para sentar e falar dentro do instituto. As clases son de seis horas, cun recreo cada dúas horas. Cada primeiro ten un titor ou titora, co que se ten unha clase á semana chamada titoría, nesta clase falamos de problemas, de eventos, vemos películas, cortos, organizamos a clase etc. Hai outras clases diferentes a das do colexio, coma francés ou portugués depende de cal escollas, valores éticos, oratorio e afondamento en inglés. Tamén hai reforzos para os máis atrasados na materia, como en lingua ou en mates. Ás veces hai eventos, como concursos de regueifas, o canguro matemático, o concurso de inglés, alumnos cantando ou tocando instrumentos... En definitiva, o instituto non está mal, claramente terás que estudar mais as cousas boas superan as súas malas. Un saúdo. 1º ESO.



O IES Álvaro Cunqueiro, unha canteira de campeóns.

Foron moitos os premios acadados este ano polos nosos alumnos e alumnas, sen dúbida grazas o seu talento, pero tamén ao seu esforzo.

Carla Cabral, de 1º ESO, acadou o 2º premio na III Concurso Fotográfico "Campus da Auga- Edición Scholaris".

Eva Ramilo, de 1º ESO, e Miguel Vidal, de 3º ESO, conseguiron pasar á final do concurso de Regueifas, e nela demostraron a súa capacidade para improvisar versos.

Tomás Louro, de 1º de ESO, acadou un dos primeiros postos no XXIV Canguro Matemático.

Big Challenge: Andrés Vázquez e Ismael López, de 2º Eso, acadaron o 1º posto a nivel provincial.

Javier Corral, de 2º Bacharelato, acadou o 1º posto na fase local e o 4º na clasificación xeral da XXXIV Olimpíada de Química.

O equipo de redacción do Trasnó 3.0, quedou 3º de Galicia no concurso "El país de los estudiantes".




!PARABÉNS A TODAS E TODOS!

!SEGUIDE ASÍ!!

Fotografía gañadora no concurso Campus da Auga-Edición Scholaris".



Recomendacións da biblioteca



Corredora María Reimóndez

Genet naceu nunha aldea en Etiopía. Dende noviña o que máis lle gustaba era correr e correr, mais a fame, a guerra e o pai obrígana a ...




L'agence babel kamo

Pourquoi Kamo doit-il absolument apprendre l'anglais en trois mois ? Qui est donc Cathy, sa mystérieuse correspondante de l'agence Babel?

Izan o da saca Xavier Quiroga

O Fiscal Superior de Xustiza recibe do seu editor un paquete que contén, ademais dun cartafol con noticias de varias mortes sen relación aparente...



Formigas Pere tobaruela

FORMIGAS é unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados.



!Non esquezas a hora de ler!!



▲ Cometas en el cielo Khaled Hosseini

Sobre un Afganistán respetuoso de sus ricas tradiciones ancestrales, la vida en Kabul se desarrolla con toda la intensidad, pujanza y colorido.



▶ Aqueles días en que éramos malas Imma López Silva

Unha monxa, unha puta, unha moza colombiana e unha funcionaria de prisións comparten o módulo de mulleres dun cárcere.

▼ DUMA KEY Stephen King

Tras sufrir un grave accidente, la vida del constructor millonario Edgard Fremantle cambia radicalmente, y decide trasladarse a Duma Key ...



◀ Adventures of Huckleberry Finn Mark Twain

In Missouri, during the 1840s, young Huck Finn fearful of his drunkard father and yearning for adventure, leaves his foster family and...

